

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO
DE "VILAGARCÍA DE AROUSA"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Vilagarcía de Arousa, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través do presente regulamento.

*CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS**ARTIGO 1º.—OBXECTO*

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O establecido neste regulamento é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 3º.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 4º.—CONTIDO DO SERVIZO

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria
- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:



- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
- V. Apoio á unidade de convivencia
- VI. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 5º.—*PERSOAS DESTINATARIAS*

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

**ARTIGO 6.—DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito craro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 7º.—DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.



7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

ARTIGO 8º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

A. A renuncia da persoa usuaria.

B. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

C. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

D. Falecemento da persoa usuaria.

E. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

F. A falta reiterada de pagamento do servizo.

G. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 9º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas en réxime de libre concurrencia e por un máximo de dous meses para as persoas na modalidade de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.



CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO
SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

ARTIGO 10º.—FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Vilagarcía de Arousa ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

ARTIGO 11º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exisibile será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

<i>Número de persoas usuarias</i>	<i>Persoal técnico mínimo</i>
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa

Incrementos sucesivos Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Vilagarcía de Arousa, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II deste regulamento.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a persoa usuaria, segundo o Anexo III deste regulamento.
- d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 12º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Vilagarcía de Arousa cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

Antes de proceder a dar a baixa no Programa de Asignación de Recursos para a posterior alta do servizo, a persoa interesada disporá dun prazo de dez días naturais para a aceptación do recurso de Servizo de Axuda no Fogar (anexo VI). De non realizar a aceptación do servizo no prazo indicado, entenderase que a persoa renuncia ao mesmo, procedendo á baixa no Programa de Asignación de Recursos, segundo o indicado no artigo 29, b) da Orde 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2012, do 4 de febreiro da Consellería de Traballo e Benestar.

Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta regulamentación. A prestación do servizo para persoas con dependencia recoñecida se realizará de forma indefinida, salvo modificación da resolución do seu Programa Individual de Atención polo órgano responsable.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I deste regulamentación, dirixida ao Alcalde/sa no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- Certificado de convivencia.
- Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde (modelo anexo)
- Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente. // Autorización para recabar datos tributarios.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo IV.
- c. O Centro de Servizos Sociais Comunitario Básico (CSSCB) elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. A extensión e intensidade que poida recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos municipais disponibles para este servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

- d. A resolución será motivada e deberá conter, entre outros, os seguintes extremos:

1.—Aprobación ou denegación do servizo.

2.—Condicións da concesión, indicando polo menos:

— As atencións aprobadas.

— Dispoñibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda especificando a puntuación obtida.

— Intensidade horaria: número de horas de atención mensual.

— Porcentaxe de aportación económica que satisfará a persoa beneficiaria.

— Porcentaxe de aportación económica que satisfará o Concello de Vilagarcía de Arousa

3.—Información sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que o/as interesado/as poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

- e. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía, ou membro da corporación local delegado/a de servizos sociais, resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se mantéña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Poderase iniciar previa solicitude e/ou de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente no prazo máximo de dous meses.

- f. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III deste regulamento (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

- g. A prestación do servizo en réxime de libre concurrencia se realizará por un prazo de un ano, prorrogable automaticamente, salvo interese dalguna das partes en contra de dita prórroga, mediante renuncia expresa por escrito da persoa interesada ou valoración técnica do departamento de Servizos Sociais a través dos correspondentes seguementos.

3. A solicitude en relación ao servizo de axuda no fogar por libre concurrencia poderá ser denegada por algunha das seguintes causas:

- Non cumprir os requisitos esixidos.



- Poder satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares.
- Non alcanzar unha puntuación mínima de 10 no Factor 1- Autonomía Persoal do baremo, agás valoración positiva do/a traballador/a social.
- Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo SAF.
- Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto a prestacións e achega económica.
- Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.
- Persistir as circunstancias que motivaron a denegación do servizo con anterioridade.
- Calquera outra causa debidamente motivada

ARTIGO 13º.—DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo de dez días, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrència. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III deste regulamento.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II deste regulamento (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia do regulamento municipal de axuda no fogar, debidamente visado polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O CSSCB do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:



- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo II deste regulamento (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009).
- Un acordo de servizo asinado entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a persoa usuaria, segundo o anexo III deste regulamento.
- Informes de seguemento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

10. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: técnico superior en integración social, diplomado en educación social ou diplomado en traballo social.

11. En relación á coordinación e ao seguemento do servizo establece as seguintes medidas de avaliación e coordinación:

a) coordinación a tres niveis:

- Interna co persoal técnico dos Servizos Sociais comunitarios.
- Externa coa entidade prestataria para o inicio, seguimento e avaliación prestación.
- Con outros axentes implicados no servizo.

b) seguemento periódico do servizo concedido a cada persoa en relación:

1. A consecución dos obxectivos programados.
2. A adecuación do tempo e intensidade da axuda.
3. A satisfacción da persoa beneficiaria

c) seguimento polo equipo técnico ou profesionais do Servizo de Axuda no Fogar, que poderán recadar información complementaria da persoa usuaria, do persoal auxiliar de Axuda a Domicilio e/ou a través do persoal coordinador da entidade prestadora, que se reflectirá no expediente correspondente., segundo o artigo 11 do presente regulamento.

d) Revisión periódica das solicitudes se atopen en lista de agarda coa finalidade de que estean permanentemente actualizadas.

e) canalización a través da entidade prestadora do servizo das posibles queixas, incidencias e urxencias do servizo, tanto do persoal auxiliar como das persoas beneficiarias e das súas familias a través do seu persoal técnico que, en primeira instancia, adoptará as medidas oportunas para solventalas, dando conta á entidade titular. En todo caso, se fose necesario, intervirán os Servizos Sociais Comunitarios Básicos en cumprimento das súas obrigas na xestión, organización, supervisión e seguemento do programa.”

ARTIGO 14º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1.A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. No caso de persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar en libre concorrència ou por urxencia sobrevenida o tempo de atención para cada persoa virá prescrito polos Servizos Sociais Comunitarios, entre as 09:00h e as 22:00h, e definido no seu proxecto de intervención e terán unha duración mínima de 8 horas mensuais e máxima de 31 horas mensuais de atencións, non superando 1 hora/día, agás casos



excepcionais de carácter temporal debidamente motivado e xustificado que deberá constar no devandito proxecto de intervención

ARTIGO 15.—FINANCIAMENTO DO SERVIZO

1.—O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios, que se cofinancia con achegas das administracións públicas e das persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar.

2.—O Concello poderá prestar o servizo público de axuda no fogar ben directamente ou a través das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas pola administración autonómica para a prestación deste servizo.

3.—En todo caso o SAF terá un carácter contractual entre o Concello e a persoa usuaria polo que será imprescindible, de conformidade coa Orde de 22 de xaneiro de 2009, a sinatura dun contrato ou acordo de servizo (Anexo III) entre ámbalas dúas partes que conterá o período de vixencia do mesmo, horas mensuais de prestación, atencións e tarefas a realizar, así como a participación no financiamento do servizo que corresponda.

4.—O financiamento do Servizo de Axuda no Fogar desenvolverase de acordo coa Ordenanza nº 34 Reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia e persoas valoradas como dependentes.

ARTIGO 16º.—DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

ARTIGO 17º. - INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Este regulamento deroga expresamente o regulamento servizo de axuda a domicilio publicado no BOP nº 13 de 21 de xaneiro de 2014, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

**ANEXOS**

Anexo I- Solicitud de Servizo de Axuda no Fogar por libre
concorrencia
Anexo II- Proxecto de intervención
Anexo III- Acordo de Servizo
Anexo IV- Baremo para a asignación do Servizo de Axuda no
Fogar en libre concorrencia
Anexo V- Modelo de comunicación de ausencias do domicilio
Anexo VI- Aceptación para persoas dependentes valoradas

ANEXO I- SOLICITUDE DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN LIBRE CONCORRENCIA

NOME E APELIDOS:
DATA DE NACEMENTO:
SEXO:
ENDEREZO:

NACIONALIDADE:
ESTADO CIVIL:

TELEFONO:

Certificado de Minusvalía	Si <input checked="" type="checkbox"/>	Grao.....	Non <input checked="" type="checkbox"/>
Valoración de dependencia	Si <input checked="" type="checkbox"/>	Grao.....	Nivel... Non <input checked="" type="checkbox"/> Pendente de Valoración <input checked="" type="checkbox"/>
Unidade de convivencia:	Nº membros Nº de menores.....		
Familia monoparental	Si <input checked="" type="checkbox"/>	Non <input checked="" type="checkbox"/>	

Documentación a presentar coa solicitude:

- Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- Certificado de convivencia.
- Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde (modelo anexo)
- Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
- Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente. // Autorización para recabar datos tributarios.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En Vilagarcía de Arousa, adede 20..

Asdo.

SR/A. ALCALDE/SA- PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 polo que se regula o dereito de información na recollida de datos, advírtese que os datos de carácter personal que puidieran facilitarse polo interesado/a inclúiranse no/s ficheiro/s "SIUSS-CSS" e/ou "SERVIZOS SOCIALES", titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa. De acordo co disposto na L.O. 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal ten dereito ao acceso, cancelación e oposición dos seus datos ante a Alcaldía do Concello de Vilagarcía na Praza Ravella nº1, en Vilagarcía de Arousa).



INFORME MÉDICO -SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

DATOS DO/A DOUTOR/A QUE FAI O RECOÑECIMENTO

Nome e apelidos _____
Colexiado nº _____ de _____ médico de _____

DATOS DO SOLICITANTE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA

Nome e apelidos _____ DNI _____
Data: _____

CAPACIDADE DE AUTONOMÍA PERSOAL

	0 puntos	1 punto	2 puntos	3 puntos
A. CAPACIDADE MOTORA:				
1. Erguerse só	Erguerse <input type="checkbox"/> dificultade	Só con <input type="checkbox"/> axuda	Con <input type="checkbox"/> ergue	Non se <input type="checkbox"/>
2. Camiñar só	Camiñar <input type="checkbox"/> dificultade	Só con <input type="checkbox"/> axuda	Con axuda de muletas <input type="checkbox"/> deambula	Non <input type="checkbox"/>
3. Axillada manual normal	<input type="checkbox"/> leve	Dificultade <input type="checkbox"/> grave	<input type="checkbox"/> moveelas	Non pode <input type="checkbox"/>
4. Sair da casa só	<input type="checkbox"/> dificultade	Só con <input type="checkbox"/> axuda	Con <input type="checkbox"/>	Non sae <input type="checkbox"/>

B. SENTIDOS:

1. Visión	boa <input type="checkbox"/>	Regular <input type="checkbox"/>	Mala <input type="checkbox"/>	Nul <input type="checkbox"/>
2. Audición	boa <input type="checkbox"/>	Regular <input type="checkbox"/>	Mala <input type="checkbox"/>	Nul <input type="checkbox"/>
3. Linguaxe Normal	<input type="checkbox"/> entender	Difícil de <input type="checkbox"/> s.	Incompren <input type="checkbox"/> te	Auseñ <input type="checkbox"/>

C. CAPACIDADE PSÍQUICA:

1. Orientación espaciotemporal	Boa <input type="checkbox"/>	Desorientación ocasional (leve) <input type="checkbox"/>	Desorientación frecuente <input type="checkbox"/>	Desorientación total <input type="checkbox"/>
2. Memoria	Norma <input type="checkbox"/>	Retén feitos recentes con dificultade <input type="checkbox"/>	Retén só feitos antigos <input type="checkbox"/>	Non retén ningún feito <input type="checkbox"/>
3. Sono	Normal <input type="checkbox"/>	Tarda en dormir <input type="checkbox"/>	Desperta varias veces na noite e tarda en dormir. <input type="checkbox"/>	Ten que utilizar hipnóticos <input type="checkbox"/>
4. Conduta	Normal <input type="checkbox"/>	Trastornos de humor <input type="checkbox"/>	Descontrol <input type="checkbox"/>	Agresivo <input type="checkbox"/>

E. COIDADOS PERSOAIS / DOMÉSTICOS:

1. Capacidade de Aseo diario Si	<input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2. Capacidade realización de tarefas domésticas	Si <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	Especiais <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3. Control esfínteres controla	<input type="checkbox"/>	Deficientemente <input type="checkbox"/>	Esporádico <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
4. Coidados médicos non	<input type="checkbox"/>	Normais <input type="checkbox"/>	Especiais <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Sinatura e selo _____



ANEXO II- PROXECTO DE INTERVENCIÓN (FICHA DE PLAN DE TRABALLO)

Vilagarcía de Arousa,

EMITIDO POR:
MOTIVO:

DATOS DE IDENTIFICACION DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE (SIUSS)	Intervención nº	Data de solicitude	Data de inicio

Sector de referencia	Ambito de atención	Nº total de usuarios

Proxecto	Data do proxecto	Data fin de proxecto

1. DATOS PERSONAIS:

- NOME E APELIDOS:
- DATA DE NACEMENTO:
- SEXO:
- ESTADO CIVIL:
- ENDEREZO:
- TELEFONO:

2. UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA:

3. DATOS DA DEPENDENCIA:

- NUMERO DE EXPEDIENTE: PO/
- GRAO E NIVEL RECOÑECIDO: GRAO
- DATA DE VALORACION:

4. DATOS DE PRESTACION DO SERVIZO SOLICITADO (AXUDA NO FOGAR):

- Data de APROBACION en Xunta de Goberno Local da Alta no Servizo:
- MODALIDADE de acceso ao servizo:
- SERVIZOS a prestar ao usuario:
- PERFIL DOS PROFESIONAIS:
- OUTROS SERVIZOS:
- OBXECTIVOS DO SERVIZO PROPOSTO:
- TAREFAS:
- NÚMERO DE HORAS/SEMANAL:
- DÍAS E HORARIO:
- NÚMERO DE HORAS / MES:

5. EXISTENCIA DOUTROS SERVIZOS /APOIOS PRESTADOS A DOMILICIO SI NON

- SERVIZOS/APOIOS:
- Nº HORAS SEMANAIS:

6. PERIODICIDADE DO SEGUIMENTO (Mínimo bimensual)

Técnico responsable

Asdo.:

Exemplar por triplicado para: Concello, Persoa Beneficiaria e Entidade Prestadora



**ANEXO III- ACORDO DE SERVIZO
ACORDO DE SERVIZO (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR)**

Reunidos en Vilagarcía de Arousa o día de de dunha parte don/dona con DNI e domicilio en Vilagarcía de Arousa.

E doutra Trulladora/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Vilagarcía de Arousa, en calidade de técnico do servizo de axuda no Fogar.

ACORDAN:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa / empresa concesionaria prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día de de
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará:
 - por un prazo de un ano, prorrogable automaticamente, salvo interés dalgunha das partes en contra de dita prórroga, mediante renuncia expresa por escrito da persoa interesada ou valoración técnica do departamento de Servizos Sociais.
 - no caso de persoas dependentes valoradas, de forma indefinida salvo modificación de resolución do seu PIA polo órgano responsable.
3. Que o SAF se levará a cabo por un total de horas mensuais distribuídas semanalmente nos seguintes días.....
4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo e á Ordenanza fiscal municipal reguladora do prezo público pola prestación de SAF, a persoa usuaria
 - con acceso ao servizo na modalidade de dependencia, conta cunha capacidade económica de euros/mes, polo que lle corresponde unha porcentaxe de sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar € polo total de horas prestadas.
 - con acceso ao servizo na modalidade de libre concurrencia, conta cunha capacidade económica de euros/mes, polo que lle corresponde unha porcentaxe de sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar € polo total de horas prestadas.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento pagamento da cota do SAF establecida no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
 - Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria
 - Acompañamento persoal na realización doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fóra do fogar)
 - Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo
 - Atencións de carácter doméstico e da vivenda
 - Atencións de carácter técnico e complementario
 -
7. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a colaborar nas atencións de acordo co proxecto de intervención e de xeito complementario a éste.
8. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
9. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de Xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar e no regulamento municipal do SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
10. Que para calquera queixa ou reclamación existe un libro de reclamacións, que estará á disposición da persoa usuaria.
11. Que co presente acordo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan en Vilagarcía de Arousa, a de de 2014.

A persoa usuaria

O/A Técnico responsable

A persoa beneficiaria do servizo de Axuda no Fogar AUTORIZA ao Departamento de servizos sociais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a remitir á empresa concesionaria do servizo de Axuda no Fogar o Informe Social relativo á súa situación persoal e familiar e os seus informes médicos que consten no seu Expediente necesarios para que o servizo se poida prestar nas debidas condicións.



ANEXO IV- Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en libre concorrencia

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.
Factor 1: autonomía persoal (máximo total 40 puntos). En relación ao informe médico:

CAPACIDADE DE AUTONOMÍA PERSOAL								
	0 puntos		1 punto		2 puntos		3 puntos	
A. CAPACIDADE MOTORA								
1. Erguerse	só	<input type="checkbox"/>	Só con dificultade	<input type="checkbox"/>	Con axuda	<input type="checkbox"/>	Non se ergue	<input type="checkbox"/>
2. Camiñar	só	<input type="checkbox"/>	Só con dificultade	<input type="checkbox"/>	Con axuda de muletas	<input type="checkbox"/>	Non deambula	<input type="checkbox"/>
3. Axilidade manual	normal	<input type="checkbox"/>	Dificultade leve	<input type="checkbox"/>	Dificultade grave	<input type="checkbox"/>	Non pode móvelas	<input type="checkbox"/>
4. Sair da casa	só	<input type="checkbox"/>	Só con dificultade	<input type="checkbox"/>	Con axuda	<input type="checkbox"/>	Non sac	<input type="checkbox"/>
B. SENTIDOS								
1. Visión	boa	<input type="checkbox"/>	Regular	<input type="checkbox"/>	Mala	<input type="checkbox"/>	Nula	<input type="checkbox"/>
2. Audición	boa	<input type="checkbox"/>	Regular	<input type="checkbox"/>	Mala	<input type="checkbox"/>	Nula	<input type="checkbox"/>
3. Linguaxe	Normal	<input type="checkbox"/>	Difícil de entender	<input type="checkbox"/>	Incomprens.	<input type="checkbox"/>	Ausente	<input type="checkbox"/>
C. CAPACIDADE PSÍQUICA								
1. Orientación espaciotemporal	Boa	<input type="checkbox"/>	Desorientación ocasional (leve)	<input type="checkbox"/>	Desorientación frecuente	<input type="checkbox"/>	Desorientación total	<input type="checkbox"/>
2. Memoria	Normal	<input type="checkbox"/>	Retén feitos recentes con dificultade	<input type="checkbox"/>	Retén só feitos antigos	<input type="checkbox"/>	Non retén ningún feito	<input type="checkbox"/>
3. Sono	Normal	<input type="checkbox"/>	Tarda en dormir	<input type="checkbox"/>	Desperta varias veces na noite e tarda en dormir	<input type="checkbox"/>	Ten que utilizar hipnóticos	<input type="checkbox"/>
4. Conduta	Normal	<input type="checkbox"/>	Trastornos de humor	<input type="checkbox"/>	Descontrol	<input type="checkbox"/>	Agresivo	<input type="checkbox"/>
E. CUIDADOS PERSONAIS DOMÉSTICOS								
1. Capacidade de Aseo diario	SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
2. Capacidade realización de tarefas domésticas	SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	Especiais	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
3. Control esfínteres	controla	<input type="checkbox"/>	Deficientemente	<input type="checkbox"/>	Esporádica	<input type="checkbox"/>	Non controla	<input type="checkbox"/>
4. Coidados médicos	non	<input type="checkbox"/>	Normais	<input type="checkbox"/>	Especiais	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>

Sinatura e selo

VALORACIÓN DO GRÁO DE AUTOVALEMENTO

A CUBRIR POLO/A TRABALLADOR/A SOCIAL

TOTAL DE PUNTUACIÓN ACADADA _____ PUNTOS (sobre máximo de 40)



Factor 2: apoio social (máximo total 20 puntos). A valorar polo/a traballador/a Social

2.1 Vive soa			
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)		pts	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)		pts	
TOTAL			
PTS			
2.2 Convive con alguén			
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)		pts
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)		pts
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)		pts
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)		pts
TOTAL-			pts
Os familiares neganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)			pts
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)			pts
Está ben atendido (0 puntos)			pts
TOTAL PUNTOS APOIO SOCIAL			PTS

Factor 3: situación familiar/socialización menores (máximo total 20 puntos). A valorar polo/a traballador/a Social.

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)		pts
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)		
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)		
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)		pts
Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos)		
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)		pts
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)		
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)		pts
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)		
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)		pts
Un menor (3 puntos)		
Dous menores (5 puntos)		
Tres menores (7 puntos)		
Catro ou máis menores (10 puntos)		
TOTAL PUNTOS SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORE		PTS